



SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 9 DE AGOSTO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día nove de agosto de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urgente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asisten e presentan escusa don Óscar A. García Patiño, dona Leonor Fernández Grande e don Ramón Boga Moscoso.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

O Sr. presidente explica que, tal e como consta na resolución de convocatoria desta sesión extraordinaria e urgente, a urxencia da convocatoria vén xustificada en que: "A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 7 de agosto de 2018 adjudicou a Alvac, S.A. a obra denominada "Acondicionamento motas do río Mero. Convenio Augas de Galicia 2018".

Con data do día de hoxe, 8 de agosto de 2018, presentouse a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente para aprobar o plan de seguridade e saúde que presentou a empresa Alvac, S.A..

Segundo informan os servizos técnicos responsables da execución do contrato, terá lugar unha carreira popular o día 15 de agosto, a cal percorrerá por un tramo das sendas do río Mero, polo



que é necesario iniciar os traballos á maior brevidade posible, quedando por tanto xustificada a urxencia da convocatoria dunha xunta de goberno extraordinaria e urxente”.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º. Expedientes de contratación

2.1. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra “Acondicionamento motas do río Mero. Convenio Augas de Galicia 2018”

Vista a proposta de Alcaldía de data 8 de agosto de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Logo de ver o expediente de contratación incoado co número 2018/C002/000209 para a adxudicación, mediante a modalidade de contrato menor da obra “Acondicionamento motas do río Mero. Convenio Augas de Galicia 2018”.

Logo de ver o plan de seguridade presentado pola empresa adxudicataria “Alvac, S.A.”, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 8 de agosto de 2018, rexistrado ao número 0/5674, xunto co que se achega informe favorable emitido por dona Laura López Santiago (coordinadora de seguridade e saúde da empresa Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U (IPRENOR).

Á vista do informe favorable emitido polo Enxeñeiro de Camiños Municipal, de data 8 de setembro de 2018,

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición,

Vista a proposta do concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 8 de agosto de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “Alvac, S.A.” para a execución da obra denominada “Acondicionamento motas do río Mero. Convenio Augas de Galicia 2018”.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Segundo: Notificar ao responsable do contrato, e á técnica de xestión de Administración xeral, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

María Luisa de la Red Ampudia